



INSTRUCCIÓN 4/2016 DO 11 DE FEBREIRO, DA SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES RELATIVA Á DATA DE FINALIZACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLA RESOLUCIÓN DO 16 DE OUTUBRO DE 2013 (DOG NÚM. 205 DO 25 DE OUTUBRO) AOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DESENVOLVIDOS POR INVESTIGADORES EMERXENTES AO ABEIRO DA ORDE DO 2 DE XULLO DE 2013. (DOG Nº 99, DO 25 DE MAIO DE 2012)

A Orde do 2 de xullo de 2013 (DOG Núm. 128, do 8 de xullo 2013) establece as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do Sistema universitario de Galicia e procede á súa convocatoria para o ano 2013.

O artigo 3 da citada orde regula a contía e conceptos subvencionables destas axudas, establecendo que os proxectos terán unha duración máxima de 3 anos (catro anualidades), contados desde o momento da solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes, segundo establece o artigo 4 da Orde do 2 de xullo de 2013, foi dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG. É dicir, iniciouse o 9 de xullo de 2013 e rematou o 8 de agosto de 2013.

No artigo 9 da orde reguladora e no artigo primeiro da Resolución do 16 de outubro de 2013 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 2 de xullo de 2013, establécense as datas límites para a presentación da documentación xustificativa para poder proceder ao libramento dos fondos. Actualmente continúan en vigor os expedientes que teñen como data fin o 8 de agosto de 2016.

De acordo co Decreto 135/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e complementariedade das capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que estableza o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

En consecuencia, no uso das competencias que teño atribuídas como Secretario Xeral de Universidades, dito a seguinte instrución:

1. A data máxima de finalización das axudas concedidas polo artigo primeiro da Resolución do 16 de outubro de 2013 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 2 de xullo de



2013 aos proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes é o 8 de agosto de 2016, polo que unicamente se admitiran gastos realizados ata esa data.

2. A data límite para presentar a documentación xustificativa é o 30 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate; a universidade correspondente remitirá certificación que exprese a realización do gasto e do pagamento (a data límite será a mesma que para presentar a documentación xustificativa), de acordo co establecido no artigo terceiro da Resolución do 16 de outubro de 2013 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 2 de xullo de 2013.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2016

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Otero de Castro